

A LITERATURA: INSTRUCCIÓN PARA O PRACER

Obxectivos xerais

- ante todo, intentar que os participantes disfruten das actividades.
- eliminar posibles tópicos acerca da literatura.
- provocar o debate sobre os elementos que definen un texto literario.
- reflexionar sobre a función da literatura na vida das persoas.
- suxerir estratexias imaxinativas para a creación de textos literarios.
- iniciar no dominio de diversas técnicas e recursos literarios.
- ofrecer unha panorámica de textos literarios de diferentes temáticas e estilos, especialmente do ámbito da literatura galega contemporánea.
- fomentar o gusto pola lectura como paso previo ou simultáneo á escritura.
- disfrutar da creación de textos literarios, tanto propios como alleos.

Temporalización:

- Propóñense cinco sesións de hora e media cada unha, para un total de sete horas e media, aínda que algunha das sesións poderla prolongarse algo roáis, se a dinámica do grupo favorece o desenvolvemento das diversas actividades.

Participantes

- O número total de participantes no obradoiro non debería superar, en ningún caso, as vinte persoas.

Secuenciación de contidos:

1ª sesión:

- Título: **“A literatura non vale para nada”**
- Contidos: A inutilidade da literatura; a literatura como imaxinación e ficción; o pracer dunha boa historia; todos temos algo importante que dicir; xogos suxerentes para unir o grupo e romper o temor a escribir.

2ª sesión:

- Título: **“A poesía non morde, pero mancan”**
- Contidos: Os falsos tópicos sobre a poesía; a poesía como territorio de liberdade; a poesía como xogos a poesía como provocación; as definicións da poesía desde a propia poesía; a poesía e o mundo xuvenil; xogos de son e xogos de imaxes; técnicas para acallar o ritmo; estruturas pechadas e abertas...

3ª sesión:

- Título: **“A mecánica de soñar historias”**
- Contidos: O relato literario; consellos sobre como soñar un conto; o perspectivismo e as moitas formas de narrar unha historia; técnicas para manter a atención e a sorpresa; diversas tipoloxías de relato: conto de base oral, microrrelatos, conto poético, conto de medo, conto realista, conto simbólico, realismo máxico, conto fantástico e marabilloso, parodias e desmitificacións, etc.

4ª sesión:

- Título: **“Escribe, canalla, escribe”**
- Contidos: Suxerencias e estímulos, con diversa tipoloxía de actividades, para poñerse a escribir diferentes tipos de textos literarios; consellos prácticos para levar a bo porto esta aventura; tempo de creación para as persoas participantes no obradoiro.

5ª sesión:

- Título: **“Palabras, palabras, palabras”**
- Contidos: Posta en común dos textos escritos durante o obradoiro; lectura, debate e comentario; recomendacións lectoras; conclusións sobre o traballo desenvolvido no obradoiro.

Metodoloxía

Combínanse diferentes estratexias:

- lectura pública e debate en torno a diversos textos literarios escollidos que actúan de apoio para a reflexión teórica ou de estímulo para o debate de ideas.
- lectura pública e debate de diversos textos literarios escollidos que actúan de modelo para actividades lúdicas ou de punto de partida para a iniciación á escritura.
- actividades colectivas en torno a textos poéticos ou narrativos, xeralmente de carácter lúdico.
- actividades de creación de textos a partir de diversos estímulos sensitivos: un obxecto concreto, unha canción, unha fotografía, unha imaxe publicitaria, unha imaxe artística, unha escena cinematográfica, un personaxe famoso ou descoñecido, un fragmento dun texto literario suxerente, etc.
- debate e posta en común de ideas.